

## **“CUBA E GALICIA: CAMIÑOS DE IDA E VOLTA”**

Bos días.

Hoxe é un día memorable para min, por moitas razóns. A primeira delas, a oportunidade de facer o pregón nunha festa da palabra como é ista Feira do libro de Melide. Como os acontecementos que nos levan pola vida e que non acadamos a comprender completamente no plano da realidade, penso que o feito de ter asistido ás dúas feiras que se celebraran neste Concello, máis alá doutros nexos dos que falaremos máis adiante, ten que ver cunha materia casi máxica que latexa no corpo (cultural, histórico, persoal) de Galicia e Cuba. Outra das razóns, é que me permite facer unha viaxe (agora dende a fonte sempre fundamental que é para min a lingua galega) polo espazo de Galicia, e en especial de Melide, seguindo dalgún xeito os trazos esenciais que esta Matria deixara en min hai algún tempo, e que quizais poda eu entregarlle algún día, dende a urxencia da poesía e por suposto do amor. E sempre, o tópico da viaxe comeza na travesía, nun percorrido polo espazo físico que marca a distancia, e que no caso particular de Galicia e Cuba son camiños de ida e volta, por un anaco de mar que dende hai séculos é testemuña da memoria.

*A casa grande do alén mar*, que foi para os fillos de Galicia un dos destinos fundamentais da emigración, convirtiuse tamén nun espazo esencial de pensamento e acción, cara a conformación e a defensa da identidade galega. Soamente lembro un dos feitos máis

importantes neste percorrido da memoria histórica e que axudan a validar a forza destes lazos: a creación da Real Academia Galega (que debe os esforzos a boa parte da emigración galega en Cuba) e os versos do himno galego, que se cantou por primeira vez na Habana e que, para quen coñecemos a significación deste acontecemento na nosa historia común, son resoancias que perduran máis alá do tempo.

Para as xeracións máis xoves do meu país, Galicia foi por moito tempo unha palabra perdida na memoria do avó, unha foto vella, un chapeu pendurado no armario de sempre. As memorias, non hai dúbida reconstrúense dende o íntimo, es as moitas veces rematan detidas nunha dimensión á que acedemos toda vez que o reclame a distancia. Máis eu, que ata agora non teño referencias dalgún familiar galego e que crecín cunha idea moi limitada do que Galicia era no mapa do mundo, reproducindo ás veces esa imaxe da Galicia ruralista que aínda existe no exterior, cheguei a ela a través da súa cultura e da súa lingua. Primeiramente aprendín a falar galego e moitos anos despois, case cinco, achegueime ó espazo xeográfico, e nesta cuestión de orde radica para min a singularidade dos meus lazos con esta terra. Eu nunca fixen o Camiño de Santiago, é unha débeda con Galicia e máis comigo mesma que teño que saldar no futuro, pero quizáis este camiño de lembranzas que imos percorrer é para min unha especie de peregrinaxe cara ó encontro cunha cultura dende a profundidade, de procura e achádego dunha parte do meu ser interior que está ligado a estas terras.

Lembro agora, neste percorrido persoal, os meus anos de estudante na Facultade de Artes e Letras da Universidade da

Habana, cando un dos meus amigos falou da existencia dunha Cátedra de Cultura e Lingua Galega e fun a preguntar, levada máis pola curiosidade que polo coñecemento real da materia. E alí fiquei, durante todos os anos de estudos, alternando as horas da mañá e da tarde para poder asistir a todos os encontros. Deses anos, dese entusiasmo e fervor inicial conservo aínda algúns escritos que non teño amosado a ninguén, e que quizáis algún día me atreva a facelo: por exemplo, interesoume o tema do cine galego, a poesía de Méndez Ferrín e un intento de estudo comparativo, entre o *Inferno* de Dante Alighieri e *O divino sainete* de Manuel Curros Enríquez, que independentemente do alcance ou non do traballo, fala da miña vontade dende entón, de falar de Galicia cunha perspectiva integradora e non illada do resto do mundo. Un dos momentos máis significativos foran as clases de tradución, cando descubrín as palabras e frases que non poden ser pasadas ó castelán, sen perder algúns significados ( saudade, baiurar, cabo de lonxe). Iso falábame dunha lingua enriquecida no seu plano léxico, falábame de dimensións nas que o galego nomea a súa realidade dun xeito particular, que outra lingua non pode abranguer. Eu tiña vinte anos, pero puiden comprender isto e dou gracias agora por ese instante de reflexión. Logo, chegou o momento de seleccionar o tema de investigación para a tesina coa que tiña que facer o último exercicio académico da miña Licenciatura en Letras, e souben que tanto coñecemento acumulado, sinalaba o camiño da investigación no terreo do galego. Coas lecturas dun día tras outro, coa porta da biblioteca pechada e ás horas que ficaba baleira, achegeime ós cadernos que publican unha escolma de poetas premiados en concursos literarios, e aconteceu a sorpresa. Tres ou catro poemas, que logo extendéronse a toda unha obra, dun señor que se chamaba Xosé Vázquez Pintor e que aínda non coñecía. Lembro

con emoción, uns daqueles versos que pertencen o seu poemario *Ofidios de diario*: “Teño o oficio máis antigo do mundo/, máis aló do amor/. O beneficio da música, o canto/ das palabras, o mar de viño, os agros/ quentes para unha nova sementeira/ de versos”. Na superficie pódese ler a un falante poético que ten conciencia da forza da palabra como vehículo esencial do trascendente. Na profundidade da súa obra, atopamos a un ser con grandes estados de ensoñación que son apertura á cosmicidade, crecemento cara a dentro, a certeza de que aquilo que lembramos do mundo que habitamos é o xeito profundo en que permanece a conciencia do propio. Con esa intensidade e cun cartafol de cen folios na man, achegueime hai cinco anos por primeira vez a Galicia. Para entón, tiña moitos sentimentos, ás veces encontrados: o desexo de palpar un espazo e unha cultura que xa asumira como propia, pero que ficaba baleira aínda no meu repertorio bibliográfico, no meu coñecemento detido nas páxinas dos libros; a curiosidade por escoitar a falar ós galegos entre eles e pola maneira en que ía ser recibida a miña lingua galega con acento cubano; a oportunidade de coñecer persoalmente a un poeta co cal traballara por máis de doce meses e o desexo de que as miñas reflexións non lle parecen un conxunto de toleadas dunha nena doutro mundo. O encontro con Galicia superou todas as imaxes que puiden imaxinar. No aeroporto de Santiago, Pintor, buscaba a unha mociña cunha fisonomía caribeña, quizáis un pouco máis morena, que nunca atopou. No seu lugar eu achegueime á súa beira e á de María, coas moitas referencias visuais que tiña da prensa periódica e outros escritos, e sorprendino cun “Ola Pintor!” O demais, o que aconteceu nesa noite chea de emocións non se pode traducir nas palabras, porque forman parte desa dimensión dos encontros que fican no fondo do ser e que perduran en actitudes e voltan de cando en vez cara a

dentro, e falan comigo neste intre para lembrar que eu tamén podo sentirme, nesta mañá do primeiro de agosto, de aquí e de agora.

Así, o meu mapa xeográfico de Galicia comezou en Santiago de Compostela esa mesma noite da chegada. Pintor lévabame da man pola cidade vella de Santiago coa présa do que pensa que achegarse a unha urbe é medir a maxestade do seu encanto e que tiña que ser nesa noite, porque o tempo da comunión coa orixe é outro e non se mide polo tic tac do reloxo da Berenguela, que marcaban as dez, Santiago non podía agardar por min ata o outro día. Dese xeito, aconteceu o primeiro encontro máxico con esa marabilla, que lembro intenso e perdurable. Dende entón, cada viaxe de ida e volta convértese nun reecontro con Santiago, no que os vellos e novos amigos insisten en amosar cada un deles , o seu Santiago de Compostela, nunha especie de ritual tamén máxico que comezou Pintor e que fai da miña comunión con Galicia unha relación cada vez máis forte e ó mesmo tempo indescriptible. Nesa peregrinaxe polo espazo que unha cidade deixou nas súas vidas , as veces de estudante universitario, de *ser* que intenta encontrarse co máis profundo de sí mesmo e atópaos na capital de Galicia. Lembro agora unha experiencia de hai uns días na Colexiata do Sar: un espazo máxico sen dúbida e que en especial fai unha metáfora entre a fisonomía da súa arquitectura e a imaxe de resistencia que ten levado Galicia ao longo dos séculos.

Nese mapa que imos continuar percorrendo chegamos a Melide. Moito antes da miña primeira visita no ano pasado, coa celebración da primeira edición desta Feira do Libro, xa Melide tiña para min un significado entrañable. A través das páxinas da obra dun escritor melidao, ou melidense, como é Vázquez Pintor, souben dun xeito

moi significativo, que un dos discursos máis intensos do diálogo dun poeta coa súa terra é o desexo sempre permanente de fundir o corpo coa natureza, de reflexar ese elevado marco de sensacións que o ser posué, nunha actitude poética de crecemento, de adecuación das posibilidades reais do ser humano á vontade dunha paisaxe que non está detida nos séculos, senón que acolle a dimensión doutro tempo imaxinario onde se atópan as tradicións do pasado e o presente. Naqueles versos do ano 1984, publicados no libro *Ofidios de diario*, o suxeito poético asume que é “...ese aire/ da gándara/feito paxaro nun ramallo de salgueiro” e máis adiante lembra á terra testemuña do seu nacemento como “ese Melide/ artesanal que un día fixo en min a luz como zapato/ ou pan de festa ou tecedeira de cantigas/ cara o mar por san martiño, cara o mar”.

Logo, prefiro distinguir a miña maneira particular de me comunicar co espazo que acolle unha perspectiva integradora de todos os xeitos posibles. Unha é o Melide co que nos atopamos nas páxinas web, a información que nos fala dos seus costumes culinarios, da historia de séculos que fan das súas moradas o instante de acougo para aqueles que procuran o encontro coa fe, cos seus monumentos e coas festas; outra é o Melide de Pintor, da súa casa natal, do cemiterio de Santa María de Melide onde repousan os restos dos seus antepasados, xusto á beira do Camiño de Santiago, xa fundidos na encrucillada das dúas alternativas da peregrinaxe xacobeá; outra é o Melide que disfrutei a través do estudo da toponimia do meu amigo Xaquín, unha ollada moi interesante dunha vila, pois nomea as realidades (Abeancos, Cepelos, Fervedoiro, Pedreira...), e xa o dixeran un poeta cubano Eliseo Diego, que nomear as cousas é tamén un instante de creación, de comunión coas orixes. Melide é para min o conxunto de todas estas

perspectivas é sobre todo o espazo onde unha xente xenerosa, agarda sempre polo visitante para falar da súa casa e da súa terra con orgullo e un sentimento de pertenza moi arraigado. Ao camiñar polas rúas de Melide pode sentirse, se estamos atentos, o arrecendo das árbores centenarias, as pegadas de tanta xente do mundo que fixeran o Camiño de Santiago e descubren que esta terra os acolle e dalgún xeito desexan ficar uns días máis. As dimensións dunha cidade non se miden soamente polas demarcacións físicas e xeográficas senón pola capacidade de entrega. A noción de límite expándese neste sitio, toda vez que un visitante do mundo, un buscador que percura atopar, deixa nel a súa experiencia de aprendizaxe e logo retorna ó seu país con máis que unha historia que contar e compartir.

Hai séculos xa que os fillos de Galicia tomaran a ruta do océano para intentar mudar os seus destinos. Neste século XXI a xeografía de Galicia está espallada polo mundo e permanece en cada sitio onde alguén lembre un momento desa historia común. No pasado mes, tiveron a oportunidade de asistir ao IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, e a maior emoción foi o feito de nos atopar con persoas de todas as xeografías e que a lingua de comunicación era o galego. Ingleses, arxentinos, cubanos, brasileiros, alemáns, hindúes..., cada quen co seu acento, empregaban o galego para presentar os seus relatorios ou conferencias, para intercambiar afectos, para demostrar cunha magnitude indudable, que o mar retorna agora no sentido contrario e trae ás terras galegas outros fillos que defenden a súa lingua como un patrimonio cultural indestrutible, fillos que agora por enriba do mar sempre xeneroso con nós, cren afervoadamente e están dispostos a traballar porque outra Galicia sexa posible.

Hoxe, desde esta terra que acolle con amor nesta efemérede da Cultura dos Libros e o reencontro con algúns dos seus fillos e fillas de alén do mar, a Palabra e a Lingua loitan porque, dunha vez e por todas, se lle otorge o lugar que lles pertence dende hai séculos, sen que ise espazo sexa cuestionado unha e outra vez cos *cambios climáticos*. Se estamos na era da modernidade e da informática, os nosos niveis de pensamento e reflexión teñen que andar a tono cos tempos. Non podemos retornar á idade de pedra na que se exercía o poder da forza. Os fillos de Galicia, os de dentro e os de fora, deses límites de máis lonxe, debemos traballar para que as nosas linguas convivan nunha situación armoniosa e enriquecedora, para ben do presente e do futuro, para que estes nenos que agora participan desta festa da palabra e retornan as súas casas cun conto nas súas maus que a nai lles le antes de durmir e que di por exemplo: “o can da casa berra dende moi lonxe”, poidan crecer coa saúde de que un dos máis grandes patrimonios da súa cultura, a Lingua de Galicia, vive e respira nun colo xeneroso, sen ataques e por moitos séculos.

Vai facer algo máis dun ano, Xosé Vázquez Pintor viaxou á Habana na ocasión da Feira do libro adicada a Galicia, e lembro cando falaba de que somos moitas, moitos, os que nos entregábamos pola dignidade da escrita, e falaba tamén dun voo que non se apagaba namentres houbera unha andoriña luminosa na que retornaran a Galicia istos fillos de alén. Hoxe estamos aquí de novo, e a andoriña foi xenerosa con nós ao nos acoller por tantas horas sobre o Atlántico, pero o crecemento de Galicia cara a fóra, esas dimensións que alcanza cada vez ó longo do universo, e que ten que ver tamén cun instante máximo de comunión co mellor desta



terra que fica en nós cada día máis fondo, non precisa de voos.  
Calquera sitio é axeitado para o noso diálogo, e sempre será unha  
conversa dende a dignidade, e por suposto do amor.

Moitas gracias.

**Yanelis Velazco Fajardo**

**Pregón da II Feira do libro**

**Melide, 1 de agosto, de 2009**

**No mes do San Roque**